



NOTA DE PRENSA:

A CIG INTERVEN NA XUNTA DE ACCIONISTAS DE TELEFÓNICA.

Hoxe celebrouse Xunta Xeral de Accionistas de Telefónica. Os participantes tiveron que entrar no “Pabellón de Cristal” da “Casa de Campo” de Madrid ao traveso de numerosos traballadores e delegados sindicais entre os que estaba unha numerosa representación da **CIG**, que permaneceron concentrados no exterior durante celebración da Xunta.

Xa no interior e durante a intervención de Cesar Alierta, cando se referiu ao Expediente de Regulación de Emprego de Telefónica, que a afecta a 15.000 traballadores, numerosos accionistas entre os que se encontraban representantes dos traballadores da **CIG**, ESK, ELA, LAB, EC, COBAS, AST, CGT (que no seu conxunto representan a case a metade dos traballadores de Telefónica S.A.U.) e tamén de traballadores de SINTEL, realizaron unha sonora protesta ante o talante da intervención de Alierta , na que se corearon consignas como EXPEDIENTE PARA O PRESIDENTE, PREXUBILATE TI; ESTA É A COVA DE ALÍ BABÁ; MENTIREIRO; SINTEL SOLUCIÓN,... entre outras que se prolongaron durante o resto da intervención de Alierta.

A CIG tomou a palabra durante a quenda de rogos e preguntas manifestando o seguinte:

“A sección sindical da Confederación Intersindical Galega en TESAU quere utilizar a posibilidade de intervir nesta Xunta Xeral de accionistas de Telefónica para expresar o seguinte:

Consideramos errónea a estratexia da actual Dirección de Telefónica que non recoñece a realidade plurinacional e plurilingüística do Estado. Esta estratexia evidenciámola recentemente coa sanción imposta a un compañeiro de TESAU en Galicia por utilizar o seu idioma - o galego - para o desenvolvemento da súa actividade laboral cotiá.

Os galegos e galegas tampouco podemos recibir información, nin xestionar produtos nin servizos de Telefónica no noso idioma -o galego - na páxina web telefonicaonline.com, cuestión si contemplada noutras linguas do Estado.

Telefónica non pode ignorar unha realidade social e territorial amplamente aceptada e, por tanto, debe adaptar as súas estruturas

a ese deseño estatal plurinacional e plurilingüe, e saber defender os seus intereses empresariais sen conculcar os dereitos nin dos habitantes nin dos seus traballadores por pertencer a eses territorios diferenciados.

Por outra parte, como empregados e empregadas de TESAU que somos, queremos manifestar, tamén desde a CIG, o noso rexeitamento e oposición aos plans da actual Dirección de Telefónica de continuar co desmantelamento da nosa empresa.

A súa estratexia para isto é clara: seguirán a pretender substituír os nosos postos de traballo por outros en Filiais ou Contratas, obviamente en peores condicións cás nosas e continuarán a apostar por unha malla empresarial que lles permita seguir a quitarnos as actividades de maior valor para transferilas a outras empresas do Grupo, que lles facilite a máis rápida perda do patrimonio de TESAU e tamén que lles posibilite que a nosa empresa perda a facturación dos maiores clientes. Con isto, que futuro nos espera aos traballadores e ás nosas familias?...

Ante esta perspectiva desde o noso sindicato estamos dispostos a continuar a defender o emprego en TESAU e seguiremonos a mobilizar mentres que non cesen estas agresións contra os nosos postos de traballo, e mentres que non haxa – en definitiva – un cambio radical na estratexia da Dirección de Telefónica que basee a totalidade do servizo aos clientes na calidade e eficiencia do persoal propio e non na precarización do emprego e das condicións laborais como desde hai algúns anos.”

O presidente de Telefónica dedicou escasos dez minutos a contestar as 24 intervencións que houbo na rolda de preguntas, sen que clarexara ningún tema dos expostos pola **CIG**.

Executiva da sección sindical da CIG de Telefónica

Santiago, 30 de Abril 2004